



A APDR DENUNCIA A CONTAMINACIÓN FECAL DA PRAIA DE RAXÓ

O pasado día 28 de xuño, na praia de Raxó no Concello de Poio, tense producido un episodio de contaminación do areal que pon de manifesto que as cousas –no que á defensa do medio ambiente se refire- seguen deixando moito que desexar.

O mar apareceu cheo de vertidos sólidos con aspecto de excrementos humanos que se foron depositando sobre o areal dándolle un aspecto absolutamente repugnante e privándolle da súa vocación natural nesta época do ano, na que o lecer e o disfrute por parte da cidadanía require que tanto a area coma o auga estean nas mellores condicións hixiénicas.

Todo indica que se trata dun mal funcionamento dalgún emisario de augas fecais, xa que na zona non existe ningunha depuradora que puidera provocar este problema no caso dun fallo no seu funcionamento pero, sexa cal sexa a orixe deste vertido, resulta inaceptábel que poidan ocorrer cousas como esta nunha zona que pola súa beleza é destino turístico para moitas familias na época estival.

Desde a APDR queremos denunciar estes vertidos contaminantes, esixindo coñecer as responsabilidades a que houbera lugar e que se poñan os medios necesarios para que non se volvan repetir feitos desta natureza, que non só impiden o uso e disfrute dos areas senón que dan ao traste coa explotación dos recursos marisqueiros da Ría, a principal fonte de ingresos de moitas familias da comarca.

Pontevedra, 2 de xullo de 2014

Asdo.: Antón Masa, presidente da APDR